



ACORDOS ADOPTADOS

Acordos da sesión ordinaria da Comisión Académica do Máster en Enxeñaría Informática da Escola Superior en Enxeñaría Informática da Universidade de Vigo, que tivo lugar o día **18 de xuño de 2020**.

1. Apróbanse por asentimento as actas das sesións anteriores (16/10/2019, 20/02/2020, 4/03/2020 e 29/04/2020).
2. O Coordinador informa que:
 - A situación de confinamento e impartición das materias de xeito online realizouse correctamente e sen incidencias.
 - Fixéronse as modificacións pertinentes ás guías docentes de acordo ao establecido na ESEI.
 - Dado o número de alumnos matriculados non se esperan problemas para a situación de docencia mixta planeada para setembro.
 - Como resultado da reclamación ante a Defensora Universitaria pídesenos que aclaremos a información dos complementos de formación para titulacións que non son de acceso directo ao Máster en Enxeñaría Informática.
3. Apróbase a información de matrícula para o curso 2020/2021.
4. Apróbase por asentimento o calendario de preinscrición e matrícula para o curso 2020/2021.
5. Apróbanse por asentimento as solicitudes de adaptacións e recoñecemento de créditos.
6. Noméase tribunal para avaliación de tres Traballos Fin de Máster.
7. Apróbase por asentimento a autorización ao Coordinador para a realización dunha campaña publicitaria.
8. Non hai queixas nin suxestións.
9. Non hai intervencións, nin rogos nin preguntas.